## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2020 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos por este ente público no segundo cuadrimestre do ano 2020.*

Para os efectos previstos no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro), acórdase dar publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) no primeiro cuadrimestre do ano 2020 e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2020

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

ANEXO

Nº 1.
Título: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Concello de Parada de Sil para a subministración de enerxía eléctrica á Fabrica da Luz de Barxacova.
Obxecto: constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións da colaboración entre o Inega e o Concello de Parada de Sil para levar a cabo a subministración eléctrica á Fabrica da Luz de Barxacova.
Sinatura: 2 de xuño de 2020.
Importe: 15.000 €.

Nº 2.
Título: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Asociación Clúster da Xeotermia Galega (Acluxega) para a realización dun estudo conxunto que defina o papel da xeotermia cara a unha transición enerxética xusta.
Obxecto: o obxecto do presente convenio é establecer as condicións da colaboración entre o Inega e Acluxega para a realización dun estudo conxunto que defina o potencial do recurso xeotérmico en Galicia, as medidas e accións que se van poñer en marcha e os obxectivos que se prevén acadar no período 2021-2030.
Sinatura: 13 de xuño de 2020.
Importe: 35.000 €.

CVE-DOG: vzrf6yj2-imq0-qbr5-uyu1-kglrpgaobam9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Nº 3.

Título: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Concello de Mondoñedo para o desenvolvemento do proxecto de recuperación da maquinaria da minicentral hidroeléctrica do río Tronceda (anualidades 2020-2021).

Obxecto: constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións para a colaboración entre o Inega e o Concello de Mondoñedo para levar a cabo o proxecto de recuperación da maquinaria da minicentral hidroeléctrica do río Tronceda.

Sinatura: 29 de xuño de 2020.

Importe: 28.000 €.

Nº 4.

Título: convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Club Deportivo Lugo para a realización dun proxecto demostrativo para a renovación da iluminación no campo de fútbol Anxo Carro (Lugo).

Obxecto: establecer o modo e as condicións en que se vai desenvolver a execución do proxecto demostrativo para a renovación da iluminación do campo de fútbol Anxo Carro de Lugo.

Unha vez avaliada a solución técnica proposta, o seu alcance será o que se reflicte a seguir:

– Renovación da iluminación, con novas fontes de luz de alta eficiencia con tecnoloxía LED.

– Renovación da infraestrutura eléctrica.

– Implantación dun sistema de control da iluminación deportiva.

Sinatura: 2 de xullo de 2020.

Importe: 788.318,50 €.

CVE-DOG: vzrf6yj2-imq0-qbr5-uyu1-kglrpgaobam9

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia